

D I T A M E

Ditame
4/05

sobre o proxecto de **Decreto**
polo que se **modifica** o Decreto 61/2005,
do 7 de abril, polo que se ditan
as **normas** para a aplicación
das **taxas e prezos** da
Comunidade Autónoma de Galicia

APROBADO POLO PLENO O 16 DE DECEMBRO



1.- ANTECEDENTES

1.- En data 18 de novembro tivo entrada no Consello Económico e Social a solicitude de ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 61/20005, do 7 de abril, polo que se modifican as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- Con data 18 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o día 21 dese mes de 2005, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 12/05, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Ditame, con data 28 de novembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ao Pleno do Consello, que na súa sesión 5/05, de 16 de decembro, e tras coñece-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, estrutúrase nun artigo único, onde se modifica o punto 5 do artigo 12 do Decreto 61/2005, co obxecto de incluír dentro das excepcións no procedemento de exacción de tarifas contempladas no citado artigo 12 do Decreto 61/2005, a taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais denominada “dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas”, substituíndo a figura da auto-liquidación pola de retención directa nas certificacións mensuais, equiparándoa á establecida para a dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O Consello Económico e Social de Galicia considera importante a solicitude de ditames facultativos para aqueles decretos con incidencia económica e social, como é a solicitude de ditame sobre o *proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia*.

O CES valora positivamente o feito de que o proxecto de Decreto sometido a ditame deste órgano consultivo veña acompañado de memoria económica e dun informe de necesidade e oportunidade, que clarifican a modificación proposta. O CES estima que dita técnica debería empregarse, por parte da Xunta de Galicia, de forma xeralizada noutras iniciativas lexislativas.

2.- O CES estima positiva a modificación proposta polo proxecto de Decreto sometido a ditame, por canto que dita modificación incide positiva-

mente na desexada axilización administrativa e procura unha segura e rápida execución da prestación dos servizos sen detrimento da acción recaudatoria.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

PROXECTO DE/2005, DO DE....., POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 61/2005, DO 7 DE ABRIL, POLO QUE SE DITAN AS NORMAS PARA A APLICACIÓN DAS TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia configura na sección 1ª do Capítulo I, no Capítulo II e no Capítulo III o réxime xeral de aplicación das taxas, prezos públicos e prezos privados respectivamente, remitindo determinados aspectos a normas de carácter regulamentario.

O Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, no seu artigo 12, como procedemento xeral para a liquidación das taxas, a autoliquidación polo suxeito pasivo, contemplando, no entanto, algunhas excepcións a este procedemento xeral, nos seus puntos 4 e 5.

A lei de orzamentos xerais para o 2006 aplica a taxa por servizos profesionais, na súa modalidade de actuacións profesionais, a un suposto de prestación de servizo por parte do Organismo Autónomo de Augas de Galicia, que consiste na dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas. Este servizo ten un procedemento de xestión similar ao correspondente á dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato, polo que se estima conveniente que o procedemento de exacción destas tarifas sexa o mesmo. Comoqueira que esta forma de exacción da tarifa é unha das excepcións contempladas no artigo 12 do Decreto 61/2005, cómpre modificar a redacción deste, coa finalidade de incluír así mesmo, a nova tarifa.

Esta disposición foi sometida ó trámite de audiencia ós cidadáns ó que se refire o artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, mediante a petición do ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, consonte co Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día de de dous mil cinco,

DISPOÑO

Artigo único.- Modifícase o punto 5 do artigo 12 do Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando redactado como segue:

“5. A exacción das tarifas relacionadas a seguir, realizarase mediante retención directa no momento do pagamento de cada unha das certificacións:

a) A tarifa 03 da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais, contida no Anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, denominada “dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato”

b) A tarifa 60 da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais, contida no Anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia denominada “dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas”

Disposición derradeira.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2006.

